

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 21 DE ABRIL DE 2023

SEÑORES/AASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS/A:

Don José Manuel Fernández Otero
Dona María D. Simón Valladares

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e un de abril de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao

efecto convocada, e sendo as oito horas corenta e cinco minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 19 de abril de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA

Consta nas dependencias municipais o seguinte proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

Proxecto técnico da obra de “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA B DE RODEIRO”, redactado polo arquitecto Don Santiago Insua Varela, con data de abril de 2023, cun importe global de CATROCENTOS NOVENTA MIL OTOCENTOS SESENTA E UN EUROS CON CINCO CÉNTIMOS (490.861,05 €), IVE incluído, desagregado nos seguintes conceptos:

✓ Execución por contrata:	450.251,31 €
✓ Honorarios de proxecto:	17.908,00 €
✓ Honorarios dirección de obra:	15.134,50 €
✓ Honorarios coordinación de seguridade e saúde:	7.567,24 €

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 21/04/23, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado.

3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA AO ABEIRO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A EXECUCIÓN DA AXENDA 2030 (PROGRAMA PON2030)

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 (Programa PON2030), publicadas no BOP núm. 46, correspondente ao día 7 de marzo de 2023, e a conveniencia de solicitar a correspondente subvención ao abeiro do dito Programa para o financiamento dun investimento consistente na mellora da mobilidade peonil na rúa B de Rodeiro. Preténdese a recuperación para o uso e goce dos peóns dese espazo urbano, xa que na actualidade está claramente deseñado para o tránsito e estacionamento de vehículos, co obxectivo de xerar un espazo público máis plural e amable, que fomente a interacción social A actuación encádrase nas actuacións de tipo 3 definidas na convocatoria.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra unha subvención, con cargo ao Programa PON2030, por importe de

CATROCENTOS VINTE E CINCO MIL SEISCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON SETENTA E CINCO CÉNTIMOS (425.657,75 €), con destino á realización e financiamento do seguinte investimento (actuación de tipo 3):

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGAS OUTRAS ADMINISTRACIÓNS
Humanización e mellora peonil da rúa B de Rodeiro	472.953,05 €	425.657,75 €	47.295,30 €	0,00 €

Segundo.- Realizar a finalidade obxecto da subvención solicitada, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Terceiro.- Comprometerse a comunicarlle á Deputación calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención.

Cuarto.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de CORENTA E SETE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E CINCO EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (47.295,30 €). O órgano que adopta este acordo é competente para comprometer esta achega.

Quinto.- Facultar expresamente a Sr. alcalde para que, na representación legal do Concello que ostenta, asine a correspondente solicitude e canta documentación resulte necesaria para a efectividade do acordado.

4.- CONCESIÓN DE PRIMEIRA PRÓRROGA NO PRAZO DE INICIO DE OBRA AMPARADA EN LICENZA MUNICIPAL

ANTECEDENTES

1º.- Dona SUSANA LÓPEZ GUERRA, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio en Lalín, solicita con data 27 de marzo de 2023 (RE-E núm. 184) unha primeira prórroga do prazo para o inicio das obras de AMPLIACIÓN DE CEBADEIRO DE PORCINO E FOSA DE XURRO, con emprazamento no lugar de Mesón de Augalevada, parroquia de Carboentes.

2º.- A Xunta de Goberno Local do Concello, na sesión celebrada o día 17 de outubro de 2022, acordou conceder a correspondente licenza municipal para as obras descritas, non fixándose expresamente o prazo de inicio das obras, polo que resulta de aplicación o prazo máximo por defecto, establecido

en seis meses, en virtude do disposto no artigo 145.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

3º.- Segundo o manifestado pola solicitante, as obras non foron iniciadas a esta data.

4º.- Consta informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 19/04/23, acreditando a conformidade da licenza coa ordenación urbanística vixente.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Único.- O artigo 145.2 da LSG textualmente dispón: *“Os concellos poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado”*.

Debidamente informados de canto antecede e acreditado o cumprimento dos requisitos legais esixibles, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Conceder á solicitante unha primeira prórroga de seis meses para o inicio das obras, que rematará o día 18 de outubro de 2023.

5.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 17,40 €, 69,39 € E 74,29 €
Por consumos de telefonía fixa, s/facturas núm. TA73E0001161, TA73E0001179 e TA73E0001180 (FACe).
- EA INGENIERÍA, ARQUITECTURA, URBANISMO SOSTENIBLE S.L. 3.397,52 €
Honorarios por redacción do proxecto da obra de *“Mellora de camiño rural en Vistuíde (O Az), s/factura núm. 23/007.*

- SOLUCIONES INTEGRALES PARA EL MEDIO AMBIENTE S.L.U.
2.884,20 € E 1.397,22 €
Por servizo de recollida e transporte de residuos de puntos de acopio de plásticos agrícolas, s/facturas núm. 23103 e 23110 (FACe).
- REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. 3.491,58 €
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 0041218194 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)